



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G010/000013
Sesión núm. 13/2021-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en con observancia das medidas sanitarias en vigor debido ao SARS-CoV-2,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 25 de novembro do 2021
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núm. 12/2021).
- 2º.- Modificación de crédito 50/21. Transferencia de crédito 23/21.
- 3º.- Expediente recoñecemento extraxudicial 2P/2021.
- 4º.- Subvención nominativa para equipamento do Centro de Formación Ocupacional (CFO).
- 5º.- Proposición (arts. 97.2 ROF e 65 ROM):
 - Modificación das Bases de execución do orzamento 01/2021: subvencións nominativas 2021.
- 6º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de outubro (núm. 2.270) ata o 19 de novembro do 2021 (núm. 2.409).
 - B. Mocións.
 - C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e polo secretario acctal. do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 22 de novembro do 2021.